

**ORDENANZA FISCAL Nº II.4 REGULADORA  
DAS TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINAN-  
ZAS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE  
MÚSICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE  
AROUSA**

\*\*\*\*\*

**NATUREZA E FUNDAMENTO**

**Artigo 1º.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó prevido no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

**FEITO IMPOÑIBLE**

**Artigo 2º.**

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos servicios consistentes na impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa.

**SUXEITO PASIVO**

**Artigo 3º.**

Serán suxeitos pasivos destas Taxas as persoas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta Taxa.

**COTA TRIBUTARIA**

**Artigo 4º.**

A estructura e contía das taxas a satisfacer ó Concello polos alumnos, será a que figura na seguinte TARIFA:

**4.1.-** Taxas do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa:

<b>GRAO ELEMENTAL</b>	<b>TAXAS</b>
Grao elemental (1º, 2º, 3º e 4º)	468,20 €
Materias pendentes	72,85 €
Proba de acceso ó 1º curso	31,20 €
Proba de acceso ós cursos 2º, 3º e 4º.	52,00 €
Servicios Xerais	9,80 €

<b>GRAO PROFESIONAL</b>	<b>TAXAS</b>
1º e 2º curso	602,35 €
3º e 4º curso	657,10 €
5º e 6º curso	711,90 €
Asignaturas soltas	106,90 €
Proba de acceso Grao Profesional	83,20 €
Servicios Xerais	9,80 €

**4.2.-** A taxa correspondente ós dereitos de apertura de expediente será fixada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia no Decreto correspondente. Estos dereitos serán satisfeitos polos alumnos no impresio de liquidación correspondente.

**4.3.-** A taxa correspondente os Servicios Xerais – 9,45 €- fraccionarase trimestralmente e cargarase na conta bancaria facilitada polo alumno convxuntamente coas taxas do curso completo.

**4.4.-** A taxa correspondente a materias pendentes aplicarase a aqueles alumnos que matriculándose dun curso completo, teñan pendente unha materia do curso anterior. Así mesmo aplicarase a aqueles alumnos que se matriculen no centro con materias pendentes do 6º curso, sempre que unha destas non sexa a especialidade instrumental. No suposto de que a materia pendente sexa a especialidade instrumental será de aplicación o disposto no artigo 4.5.

**4.5.-** No caso de alumnos que teñan convalidadas dous ou máis asignaturas da especialidade que cursan aboarán un 80% das taxas establecidas para o curso no que se matriculen, fraccionándose o importe total de igual xeito que para o resto dos alumnos.

No caso de que teñan convalidadas menos de dúas asignaturas aboarán o importe íntegro do curso.

## **BENEFICIOS FISCAIS**

### **Artigo 5º.**

**5.1.-** Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais, ademáis dos previstos nesta Ordenanza.

**5.2.-** Aplicarase unha bonificación do 50% na presente Taxa, en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 4.4 do RDL 2/2004, no suposto en que se cumplen os seguintes requisitos:

- Cando os ingresos totais anuais, prorrataeados por meses, non superen o SMI.
- E non se dispóna de máis propiedades que a vivenda onde residan.

Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais prorrataeados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que excede do SMI, dividida entre o número de membros (excluido o perceptor), non supere os 60,00 €, conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Importe ingresos mensuales prorrataeados} - \text{SMI} = \text{exceso}$$

---

Exceso : N° de membros (excluido o perceptor) = menos de 60 euros

A bonificación exposta terá carácter rogado debendo efectuarse en instancia a parte, antes do 1 de novembro de cada ano, adxuntando a documentación que sexa requirida polos Servicios Técnicos Municipais e sen prexuízo do depósito previo da taxa. No caso de concesión da bonificación, solicitarase a devolución da parte proporcional que corresponda.

**5.3.-** Estableceranse as seguintes bonificacións aplicables ás taxas do curso completo

-Reducción do 25 % para o segundo membro da mesma unidade familiar matriculado no centro.

-Reducción do 50 % para o terceiro e seguintes membros da mesma unidade familiar matriculados no centro.

### **5.4.- Exencións:**

**5.4.a.** Os estudiantes que acrediten a imposibilidade económica da súa unidade familiar de fazer fronte ó pago da Taxa, previo o informe dos Servicios Sociais

municipais, tendo en conta os criterios que se utilizan para a adxudicación de vivendas sociais, o chamado módulo ponderado.

**5.4.b.** Aquelas persoas que teñan recoñecemento de vítimas de actos terroristas tal como as define o artigo 4.1 da Lei 29/2011 do 22 de setembro, de Recoñecemento e Protección Integral ás vítimas do terrorismo, así como aos fillos daquelas que faleceran en actos terroristas ou dapqueles que sufrieron danos físicos e/ou psíquicos a consecuencia da actividade terrorista.

## **DEVENGO**

### **Artigo 6º.**

Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación dos servicios ou a realización das actividades, áinda que se poderá esixi-lo depósito previo.

## **LIQUIDACIÓN**

### **Artigo 7º.**

**7.1.-** No momento de formaliza-la solicitude de prestación dos servicios de ensinanza no Conservatorio Profesional de Música, deberá cuantificarse o importe das taxas no modelo de impreso que se facilitará para dito fin, e serán abonadas segundo o prevido no artigo seguinte:

**7.2.-** Cando se trate de servicios ou actividades que non se poidan cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade, e será esixida conforme ó disposto no artigo seguinte:

**7.3.-** Se se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan axiña como se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento Xeral de recadación para a liquidación do contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

**7.4.-** O pago dos recibos/liquidacións derivados da aplicación da presente ordenanza poderá ser aprazado ou fraccionado nos térmos previstos nas Bases de Execución Orzamentaria.

## **FORMAS DE PAGO**

**Artigo 8.**

**8.1.-** O pagamento desta Taxa realizarase exclusivamente por domiciliación bancaria. O total do importe do curso fraccionarase trimestralmente sen intereses e cargarase na conta bancaria que os alumnos faciliten no impreso de matrícula.

As fraccións do total do importe do curso serán comunicadas ós alumnos polo Conservatorio no íntre de formalizar a matrícula.

**8.2.-** Para o suposto de baixa dun alumno, tanto na matrícula do curso académico como na matrícula das probas de acceso aplicaráse o seguinte:

- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois dos prazos de matrícula do mes de xuño e antes do 31 de xullo do ano en curso, o/a alumno/a terá dereito á devolución do 100% das taxas que teña aboadado, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.
- No suposto de que a solicitude de baixa se produza despois do 31 de xullo do ano en curso e antes do comezo oficial das clases o/a alumno/a terá dereito á devolución do 50% das taxas xa aboadadas, anulándose os importes que teña pendentes de cobro.
- Por último, se a solicitude de baixa se produzce unha vez comezado o curso académico o/a alumno/a non terá dereito a devolución algúns, debendo aboar os importes que teña pendentes de pago para a concesión definitiva da baixa.

**8.3.-** No caso de devolución dun recibo pola entidade bancaria correspondente, notificarase por escrito ós alumnos, establecéndose o prazo dun mes dende a data de notificación para que os interesados fagan efectivo o abono do importe do recibo na conta bancaria que se lles indique. En caso de non realizar dicho pagamento no prazo previsto procederase a baixa do alumno no Conservatorio Profesional de Música.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, os procedementos de liquidación e redacción regulados nos artigos 7 e 8 desta Ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión

celebrada o día 17 de outubro de 2017, entrará en vigor no curso 2018/2019, dende o momento en que se presten os servicios regulados nesta Ordenanza Fiscal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**Fecha anteriores modificacóns:**

PUBLICADO BOP (establecemento): 28/12/2004  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007  
PUBLICADO BOP (corrección errores): 21/02/2008  
PUBLICADO BOP: 11/02/2013  
PUBLICADO BOP: 30/12/2013

**Fecha modificación actual:**

PUBLICADO BOP: 28/12/2017